

Exposición	<b>100% Attawassoul</b>
Obxectivo	<b>Sensibilización sobre a situación da muller en Marrocos</b>
Características	<b>32 imaxes</b>

---

## DESCRICIÓN

A mostra fotográfica '**100% Attawassoul**' reflicte a realidade que viven un grupo de traballadoras de empresas do téxtil en Tánxer. Na cidade magrebí hai unhas 50.000 empregadas do sector que **traballan máis de once horas diarias en fábricas** e pequenos talleres onde se confecciona a roupa que consumimos nos países do Norte, a cambio dun salario co que apenas poden sobrevivir.

A exposición busca denunciar as duras condicións de vida ás que están sometidas estas mulleres, así como concienciar sobre a necesidade de practicarmos un consumo responsable. Ao tempo, dáse a coñecer a asociación [Attawassoul](#), na que **as obreiras reciben formación** sobre dereitos laborais, alfabetización, ocio, etc. As imaxes son resultado da viaxe que os xornalistas Roi Palmás e Juan de Sola, voluntarios de Agareso, realizaron en 2007 a través do proxecto 'Xanela aberta ao Sur' da ONGD de comercio xusto [Amarante Setem](#).



Imaxes da exposición



## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Documental '[100% muller](#)'

Blog '[Agareso en Marruecos](#)'

## CARACTERÍSTICAS

32 imaxes con pé de foto (en galego)

Fotografías en cor

Medidas: 24 cadros de 30x40cm e 10 cadros de 40x50

Materiais: Papel-pluma con marco de paspartú.

Autoría: Juan de Sola / Roi Palmás